



Muuuita calor!



► A GRAN MAIORÍA DAS GRANXAS EN ESPAÑA TEÑEN SISTEMAS PARA EVITAR O ESTRÉS POR CALOR: TEITOS ALTOS, ABERTURAS NATURAIS, VENTILADORES OU ASPERSORES

Xa comeza a apertar a calor e levar a cabo o control reprodutivo nunha granxa en plena vaga de calor non é moi agradable. Os motivos? Revisámoslos nas seguintes liñas.

Antón Camarero
Veterinario de Adial

Ademais da vestimenta (xa vos contei que para traballar coas vacas e evitar ensuciarme uso botas de auga, pantalón de plástico, chaleco impermeable e, a maiores, unha luva que me cobre ata o ombreiro), teño que introducir no interior da vaca man, brazo e antebrazo (a temperatura por eses “lugares interiores” está próxima aos 38,5 °C, un grao centígrado máis alto ca a nosa temperatura rectal) Que vos parece? Aínda evitando as horas centrais do día, podédesvos imaxinar... vaia sauna cando vai calor!

Aínda que a verdade é que a peor parte a levan elas, as pobres vacas. Como xa vos contarei en artigos futuros, adiántovos que os ruminantes levan incorporado un tanque de fermentación ao principio do seu aparello dixestivo. Isto, unido ao alto metabolismo necesario para producir moito leite, significa unha morea de reaccións químicas que xeran moitísimo calor. Esta produción extra de calor fai que elas aguanten moi ben o frío (e explica por que, tras unha noite serena de xea-da, as atopas pracidamente tombadas no pasto, rumiando e sen interesarse por procurar acubillo). Ben distinto é


se vai calor: a súa capacidade de transpiración vese superada e chega un momento que non son capaces de perder máis: consomen máis auga, perden o apetito, retardan o metabolismo e, como consecuencia, a produción cae. Isto último pódeo constatar tamén o gandeiro durante o muxido.

O muxido realízase normalmente dúas veces ao día na chamada “sala de muxidura”, onde é posible medir o leite producido de forma individual. Unha baixada brusca da produción indica que algo vai mal: ou a vaca está enferma ou houbo un factor estresante que fixo baixar esta produción. Como xa vos dixeran, o frío non lles afecta, pero a calor, moitísimo, así que a medida da produción de leite diaria é o mellor termómetro que ten o gandeiro para detectar problemas: cando unha vaca baixa bruscamente a produción de leite, é que algo lle pasa.

A gran maioría das granxas en España teñen sistemas para evitar o estrés por calor: teitos altos, aberturas naturais, ventiladores, aspersores etc.

A evapotranspiración é o mecanismo polo que un barreño arrefría a auga que contén. Unha parte da auga escapa polos poros que hai no barro. Coa calor exterior evapórase e “róuballe” calor á auga restante, o que provoca que a auga do barreño se arrefría. Para isto cómpre que a

► A MEDIDA DA PRODUCIÓN DE LEITE DIARIA É O MELLOR TERMÓMETRO QUE TEN O GANDEIRO PARA DETECTAR PROBLEMAS



humidade relativa sexa baixa e se posibilite este traspaso. Unha humidade relativa alta agrava o estrés calórico, pois impide que a evaporación sexa eficaz (o aire está saturado de humidade e xa non admite máis auga). Non hai traspaso, así que non hai arrefriamento. Por iso, ademais da temperatura, tense en conta a humidade, como se ve na táboa. É algo parecido á “sensación de frío” (que aumenta cando as baixas temperaturas combínanse con vento).

Un caso especial son as zonas desérticas do mundo onde tamén se consume leite. Países como Arabia, Israel, sur dos Estados Unidos ou México teñen grandes explotacións de vacas leiteiras.

En Torreón (México) é habitual chegar a temperaturas por riba dos 40 °C. Alí puiden ver o sistema que utilizan para evitar este estrés térmico nunha explotación de 9.000 vacas. Primeiro métese por quendas nas chamadas “salas de arrefriamento”, ás que as dirixe un pastor desde os distintos lotes da explotación. Víase fácil levalas, todas ían contentas (coma se fosen á praia). Na sala de arrefriamento pulverizábanas con auga fresca durante un minuto e despois secábanse durante outros cinco. A auga que cobre á vaca se evapora, forzada pola ventilación, e facilitada tamén pola baixa humidade relativa. Para evaporarse a auga “róballe” a calor ao resto da vaca e esta arrefríase (coma no barreño).



Isto faise ata seis veces ao día e cunha cámara termográfica verifican o arrefriamento, aínda que o que mellor o constata é o mantemento da produción.

Así estamos todos contentos: vacas e traballadores máis fresquiños, e propietarios que non se ven afectados polas baixadas de produción.

Ata a próxima entrada. Nesta ocasión despídome cun “caloroso saúdo”! ■



ELMEGA

✉ elmega@elmega.com

☎ 981 88 05 50



 **JOURDAIN**



IMPORTADOR DIRECTO PARA ESPAÑA Y PORTUGAL

**ROBOT
ARRIMADOR**




**ROBOT DE LIMPIEZA
DE PASILLOS**



24 HORAS 7DÍAS

AfiCollar 

- ✓ **DETECCIÓN DE CELOS**
- ✓ **MONITOREO DE RUMIA**
- ✓ **GESTIÓN DE LA SALUD**
- ✓ **MONITOREO DE ACTIVIDAD**





**SOMOS
FABRICANTES**



**QUEREMOS HACERLO
PARA TI**

